

**Capítulo III PXA
IES DE CARRAL
2021/2022**

ÍNDICE

DOCUMENTO 5

5.1. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares

5.1.1. Introducción (lexislación e aplicación)

5.1.2. Criterios aprobados polo profesorado no claustro

5.1.3. Celebracións e conmemoracións do calendario escolar

5.1.4 Actividades programadas dos departamentos didácticos

5.2 Proxecto lector do centro

5.2.1. Análise da situación da lectura e da escritura no centro

5.2.2. Obxectivos, fundamentos e organización

5.2.3. Intervencións que cómpre sistematizar

5.2.4. Actuacións nas diferentes áreas

DOCUMENTO 6

6.1 Proxecto de fomento do uso do galego

6.1.1 Introducción

6.1.2 Breve estudo sociolingüístico actualizado.

6.1.3.A lingua das materias.

6.2 Obxectivos.

6.2.1. Obxectivos en relación co contorno sociolingüístico do centro.

6.2.2. Obxectivos en relación co profesorado.

6.2.3. Obxectivos en relación co alumnado.

6.2.4. Obxectivos en relación coa situación lingüística do centro.

6.3. Descrición das actividades de dinamización lingüística.

6.3.1. Actividades encamiñadas a conseguir os obxectivos establecidos a ver co contorno sociolingüístico do centro.

6.3.2. Actividades encamiñadas á consecución dos obxectivos en relación co profesorado.

6.3.3. Actividades a realizar para a consecución dos obxectivos en relación co alumnado.

6.3.4. Actividades a realizar para a consecución dos obxectivos en relación coa situación lingüística do centro

DOCUMENTO 7

7.1. Proxecto de Formación do profesorado

5.1. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

5.1.1. INTRODUCCIÓN (LEXISLACIÓN E APLICACIÓN)

As actividades complementarias e extraescolares estarán condicionadas polo contexto da COVID- 19 e deberán respectar o establecido no Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros educativos de Galicia para o curso 2021-2022.

O desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares fóra da localidade, organizadas polo centro, ateranse ao disposto no artigo 47 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro.

Cando excepcionalmente, se organicen actividades complementarias ou extraescolares non previstas na Programación Xeral Anual ou nas programacións, será necesaria a súa aprobación polo Equipo Directivo, dando conta ao Consello Escolar na reunión seguinte que se efectúe.

Ademais das actividades propostas, haberá que ter en conta aquelas outras que polo seu carácter temporal ou anual poidan ser de interese para o alumnado ou aquelas suxeridas polo profesorado durante o curso. Cando estas actividades impliquen modificación do período lectivo do calendario escolar requirirán, ademais, a autorización do Xefe Territorial que se deberá solicitar con quince días de antelación (Orde do 3 de outubro de 2000). (DOG, 2/11/2000).

O profesorado responsable da actividade enviará e recollerá os permisos das familias do alumnado que participe na actividade cando se realice fóra do centro ou de horario escolar. De non ter a autorización correspondente, o alumnado non poderá participar na actividade. O alumnado que non participe na actividade terá que asistir ás clases e será atendido preferentemente polo resto do profesorado do curso que non participe na saída.

Coa maior antelación posible (nunca menos de 15 días) a persoa responsable da actividade comunicará á dirección e á Coordinadora das Actividades: a data definitiva, hora de saída e regreso, lista de alumnado participante e de profesorado acompañante. En todo momento terase en conta a lexislación e o recollido nas NOFC do centro referente a este apartado.

As actividades terán que cumprir o seguinte:

- Presentes na programación do departamento didáctico.
- Aprobadas pola Dirección.
- Incluídas no Plan Xeral Anual.

- Enviadas a inspección.
- Comunicadas aos responsables legais do alumnado participante.
- Autorización firmada polos responsables legais.
- Comunicado a inspección da saída, lugar e días co número de alumnado, curso e profesorado acompañante cando a saída sexa fóra do concello.
- Un profesor ou profesora por cada 20 estudantes.
- Para sufragar os custos das actividades extraescolares tales coma o transporte ou billetes de entrada a museos, exposicións, etc. requirirase unha aportación por parte das familias para completar os custos das actividades.

5.1.2. CRITERIOS APROBADOS POLO PROFESORADO NO CLAUSTRO

- Intentarase que a distribución das actividades se leve a cabo ao longo dos 3 trimestres, evitando que se acumulen en períodos concretos.
- Será necesaria a información previa á Xefatura de Estudos e polo menos cunha semana de antelación.
- Comunicaranse estas actividades aos docentes por medio de correo electrónico.
- En calquera caso e como medida de seguridade cando a actividade teña lugar fóra do centro, nunca deberá ir un só docente cun grupo. O profesorado acompañante será elixido en función dos seguintes criterios.
 - 1 Profesorado que organice e coordine a actividade.
 - 2 Profesorado do departamento que organice, planifique e coordine a actividade.
 - 3 Profesorado con menor perda de horas lectivas e que imparta clase ao alumnado.
 - 4 Profesorado interesado que participara en menos actividades extraescolares.
- As actividades complementarias incluídas na PXA son obrigatorias para todo o alumnado, salvo nos casos nos que supoña un desembolso económico por parte das familias, nese caso o número mínimo de alumnado para poder realizar a actividade será en torno ao 75% do grupo cando se trate dunha xornada e dun 50 % cando implique durmir fóra do domicilio. Nestes casos teranse en conta casos excepcionais.
- A distribución das actividades será equilibrada para todos os grupos e niveis.
- A xefatura de Estudos, consultados os titores e titoras, o profesorado que planifica a actividade e a coordinación de convivencia, e se é o caso reunida a comisión de convivencia, poderá impedir a participación do alumnado que teña algún parte de incidencia grave ou que perda o dereito á avaliación continua, que perturbase con anterioridade e reiteradamente o normal desenvolvemento dunha actividade extraescolar ou complementaria ou que o seu comportamento ou actitude non sexan os axeitados no centro.
- Tenderase á gratuidade das actividades sempre que sexa posible.

- Tenderase a que as actividades para un determinado grupo non superen os 3 días por avaliación.
- Intentarase que se fagan en días de semana diferentes no mesmo grupo para non afectar sempre ás mesmas áreas ou materias.
- Sendo importante e básica a programación das actividades complementarias e extraescolares, se a programación destas supón unha grande dificultade na súa organización, primarase sempre o funcionamento xeral o centro.
- As familias cumprimentarán ao inicio do curso unha autorización xeral para todas as actividades complementarias. De calquera xeito, a realización de cada unha delas requirirá que as familias sexan informadas especificamente, e se fose o caso, cunha autorización particular.
- Deberanse ter en conta as normas establecidas no PEC, NOFC e no Plan de Acción Titorial para a realización destas actividades.
- O profesorado organizador programará tarefas que deberá realizar o alumnado que non participe nas actividades, de forma que todo o alumnado alcance na medida do posible os mesmos obxectivos didácticos. O profesorado acompañante deixará tarefas para os cursos afectados pola súa ausencia.
- A distribución de actividades complementarias do presente curso estarán supeditadas á oferta cultural e pedagóxica que se vaia presentando ao longo dos trimestres e sempre tendo presente as resolucións no contexto da COVID-19 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

5.1.3. CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓNS DO CALENDARIO ESCOLAR

Segundo a *Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do Libro
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente

Ademais, de conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Cando algunha das datas a que se refiren os puntos anteriores sexa sábado, domingo, festividade local ou estea incluída nalgún dos períodos de vacacións, a correspondente conmemoración celebrarase o día lectivo inmediatamente anterior ou posterior.

5.1.4 ACTIVIDADES PROGRAMADAS DOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

DEPARTAMENTO	ACTIVIDADE	DATA TRIMESTRE	LUGAR	CURSO GRUPO	Nº PARTICIPANTES	DOCENTE RESPONSABLE	DOCENTE/S ACOMPAÑANTE/S	OBXECTIVOS				
ORIENTACIÓN	Obradoiro prevención adicción ao xogo	27/10	Aula 3ºA	3ºA	29	Juan Donesteve	Profesorado da materia	Prevención adiccions condutuais				
			Aula 3ºB	3ºB	29							
			Aula 4ºA	4º A	24							
			Aula 4ºB	4º B	15							
	Plan director: novas tecnoloxías	2º	Aula 1ºA	1º A	23		Tutores/as dos grupos	Informar sobre o uso responsable das TIC				
			Aula 1º B	1º B	23							
			Aula 1º C	1º C	21							
	Plan director: acoso escolar	2º	Aula 1ºA	1º A	23			Desenvolver actitudes de rexeitamento das condutas de acoso aos iguais				
			Aula 1º B	1º B	23							
			Aula 1º C	1º C	21							
	Plan director: drogas/alcol	2º	Aula 2º A	2º A	21				Informar sobre os riscos do consumo de sustancias e do alcol			
			Aula 2º B	2º B	20							
			Aula 2º C	2º C	22							
			Aula 4º A	4º A	24							
	Plan director: novas tecnoloxías	2º	Aula 3º A	3º A	29					Informar sobre o uso responsable das TIC		
			Aula 3º B	3º B	29							
	Plan director: violencia de xénero	2º	Aula 4º A	4º A	24						Desenvolver actitudes	
			Aula 4º B	4º B	15							
	Programa Educando en valores	Por determinar	Aula dos cursos	4 cursos da ESO	227							Adquirir competencias sociais e emocionais que favorezan o benestar persoal e grupal

DEPARTAMENTO	ACTIVIDADE	DATA TRIMESTRE	LUGAR	CURSO GRUPO	Nº PARTICIPANTES	DOCENTE RESPONSABLE	DOCENTE/S ACOMPAÑANTE/S	OBXECTIVOS
LINGUA GALEGA E LITERATURA	21 DÍAS CO GALEGO	2º trimestre	Todo o centro	Todos	Alumnado e persoal do centro.	EDL Depart. Lingua		Aumentar os usos do galego. Visibilizar os prexuízos cara a lingua. Reflexionar sobre as razóns da perda de falantes e usos. Mellorar a fluidez e corrección no uso.
	Ruta pondaliana	2º ou 3º trimestre	Ponteceso, Bergantiños.	3º ESO	57	Anxo Gómez	Por determinar.	Coñecer o contexto de Pondal e da súa obra.
	Visita a Cacheiras, Teo	2º ou 3º trimestre	Cacheiras. Posibilidade de completar con visita a Padrón, ou Santiago.	2º ESO	63	Samuel Rodríguez	Por determinar.	Coñecer o roteiro dos Mártires de Carral.
	Roteiro d' <i>A esmorga</i>	2º ou 3º trimestre	Ourense. Posibilidade de completar con visita á Fundación Otero Pedrayo en Trasalba.	4º ESO	39	Rosa Pombar, Samuel Rodríguez	Rosa Pombar, Samuel Rodríguez	Coñecer a ruta dos personaxes d' <i>A esmorga</i> . Achegarse á figura de Otero Pedrayo na casa-museo.
	Visita ás fragas do Eume.	2º ou 3º trimestre	Fragas do Eume. Caveiro.	1º ESO	61	Rosa Pombar.	Por determinar.	Mellorar a convivencia. Coñecer a contorna. Valorar e gozar da natureza.
	Calquera outra actividade que xurda ao longo do curso que sexa factible e interesante para o alumnado.							

DEPARTAMENTO	ACTIVIDADE	DATA TRIMESTRE	LUGAR	CURSO GRUPO	Nº PARTICIPANTES	DOCENTE RESPONSABLE	DOCENTE/S ACOMPAÑANTE/S	OBXECTIVOS
BIBLIOTECA + diversos departamentos + EDLG	Celebración datas significativas	31 outubro SAMAÍN. 4 novembro Día da Ciencia en galego. 25 novembro. Relatos violencia de xénero. 24 febreiro. Día de Rosalía. Entroido. 6=10 marzo. Semana da prensa. 8 marzo. Día da muller traballadora. Actividades musicais varias.	Dependen cias do centro	Todo o centr o	Comunidade Educativa	María José Miranda/ María Regueiro.	Profesorado diferentes departamentos	Celebramos diversas datas que teñen relevancia pola temática
Biblioteca + club de lectura	Asistencia a obra de teatro, cine exposicións... que resulten de interese.	Sen programar as que vaian xurdindo do curso e que nos sexan ofrecidas.	Depende da actividade.	Depe nde da activi dade.	Depende da actividade.	Depende da actividade.	Depende da actividade.	Coñecer obras literarias, filmografía, que o alumnado asista a actos culturais e saiba participar dos mesmos.
Biblioteca + diversos departamentos + EDLG	Semana do amor.	1 de febreiro = 14 de febreiro.	Dependen cias do centro	Volun tario	Voluntario		Non se precisan.	Recuperar e celebrar tradición galegas.
Biblioteca + EDLG	Semana das Letras Galegas.	13 = 16 maio	Ies Carral/ Biblioteca do Concello	Toda a ESO	Toda a ESO		Por determinar	Dar a coñecer a figura de Florencio Delgado Gurriarán

Biblioteca + club de lectura	Roteiros libros por determinar	Por determinar	Por determinar	Club de lectura	Depende do club de lectura	María José Miranda/ Anxo Gómez/ María Caneda	María José Miranda/ Anxo Gómez/ María Caneda	Fomentar a lectura
Biblioteca	Encontro con escritores: Miguelanxo Prado, Anxo Fariña..	Todos os trimestres	Dependencias do centro.	Depende do escritor	Por determinar		Por determinar	Fomentar a lectura
Biblioteca + club de lectura	Contacontos alumnado club de lectura	Terceiro trimestre	CEIP Vicente Otero Valcárcel	Club de lectura	Depende do club de lectura	Por determinar	Por determinar	Desenvolver a creatividade e a imaxinación.

DEPARTAMENTO	ACTIVIDADE	DATA TRIMESTRE	LUGAR	CURSO GRUPO	Nº PARTICIPANTES	DOCENTE RESPONSABLE	DOCENTE/S ACOMPAÑANTE/S	OBXECTIVOS
MÚSICA	Estudo de gravación	Terceiro trimestre	Por determinar	4º ESO	12	María José Miranda	María José Miranda	Coñecer os diferentes oficios musicais.
	Concertos didácticos	Sen programar as que vaian xurdindo do curso e que nos sexan ofrecidas	Por determinar	2º, 4º.		María José Miranda Pando	Por determinar	Crear un novo público máis

DEPARTAMENTO	ACTIVIDADE	DATA TRIMESTRE	LUGAR	CURSO GRUPO	Nº PARTICIPANTES	DOCENTE RESPONSABLE	DOCENTE/S ACOMPAÑANTE/S	OBXECTIVOS
FRANCÉS	« CONTE AVEC MOI » Obradoiro de contos interactivos con Samuel <i>Mountounjou</i>	16/11/21	Centro social Xente Nova, Tabeaio	1º	65	Profesorado do dpto	Profesorado do dpto	Reforzar a comunicación oral en lingua francesa
	Programa edu-exchange en liña con dous Institutos de Quebec, Canadá.	Outubro 2021 a maio 2022	IES	3º 4º	22	Xefa do departamento	Xefa do departamento	Reforzar a produción e a expresión oral e escrita en lingua francesa. Aprender sobre a francofonía
	Obradoiro de crêpes a cargo da empresa <i>La Marinière</i> .	2º /3º trimestre	IES	2º 3º 4º	80	Profesorado do dpto	Profesorado do dpto	Descubrir a Bretaña e a súa gastronomía Reforzar a produción oral facendo xogos de rol
	Escape Room d'Halloween	28-29 outubro 21	Entrada do IES	2º	56	Xefa do departamento	Xefa do departamento	Repasar os contidos da unidade 0 e 1 dunha forma lúdica.
	Escape Room de Noël	20-21 decembro	Pavillón	3º	28	Xefa do departamento	Xefa do departamento	Repasar os contidos do primeiro trimestre dunha forma lúdica.
	<i>La journée de la musique</i>	Mes de xuño	IES	1º 2º	110	Xefa do departamento	Profesorado do dpto	Traballar a produción oral, especialmente a pronuncia, o ritmo e a entoación.
	<i>Semaine de la langue française e Journée de la francophonie</i>	do 17 o 27 marzo 2022	IES	3º 4º	40	Xefa do departamento	Xefa do departamento	Estimular a apropiación da lingua francesa e profundar no coñecemento da francofonía
	<i>Chasse au trésor de Pâques</i> .	4-8 abril 2022	IES	4º	7	Xefa do departamento	Xefa do departamento	Repaso dos contidos do trimestre dunha forma lúdica.

DEPARTAMENTO	ACTIVIDADE	DATA TRIMESTRE	LUGAR	CURSO GRUPO	Nº PARTICIPANTES	DOCENTE RESPONSABLE	DOCENTE/S ACOMPAÑANTE/S	OBXECTIVOS
MATEMÁTICAS	Canguro matemático 2022	Unha tarde de marzo	IES DE CARRAL	TODOS	(1)	Ana Iglesias	Do departamento	Aprender estratexias para resolver problemas
	Actividades lúdico-educativas para celebrar o Día Internacional das Matemáticas	Ao redor do 14 de marzo	IES DE CARRAL	TODOS		Profesorado do departamento		Mostrar a importancia das matemáticas na vida diaria
	Proceso de selección do Proxecto ESTALMAT	Xuño	A Coruña ou Santiago	1º e 2º	(2)			Detectar o talento matemático precoz
	Torneo de xadrez	Novembro	IES DE CARRAL	TODOS		Carlos Rodríguez		

(1) É voluntario, na última convocatoria (hai 3 cursos) participaron uns 20 estudantes

(2) É unha proba voluntaria en fin de semana, inscribiríanse desde o centro e irían acompañados polas familias.

DPTO.	ACTIVIDADE	DATA TRIMESTRE	LUGAR	CURSO GRUPO	Nº PARTICIPANTES	DOCENTE RESPONSABLE	DOCENTE/S ACOMPAÑANTE/S	OBXECTIVOS
EDUCACIÓN FÍSICA	Día da Educación Física na rúa	Abril (a finais) (3º trimestre)	Pendente por determinar	Pendente por confirmar (Todo o alumnado se fose posible)	Pendente por confirmar (Todo o alumnado se fose posible)	Vanesa	Aínda sen definir	Inculcar na comunidade educativa a necesidade dun estilo de vida activo, saudable e autónomo. Practicar diversas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas.
	Roteiros de Sendeirismo (NOTA: establécese un roteiro de sendeirismo para cada curso, atendendo ó percorrido, dificultade do mesmo e número de participantes).	Abril-Maio (3º trimestre)	Concello de Carral	Todos (cada curso nunha data diferente)	Todo o alumnado	Vanesa	Aínda sen definir	Coñecer as posibilidades que nos ofrece o entorno natural para a práctica de exercicio físico. Fomentar o coidado e preservación do medio natural.
	Xornada de Xogos Tradicionais de Galicia dentro da celebración do Día das Letras Galegas (NOTA: pendente a organización cos demais Departamentos que desexen celebrar ese Día)	Maio (3º Trimestre)	IES Carral	Todos	Todo o alumnado	Vanesa	Aínda sen definir	Coñecer, valorar e preservar o patrimonio cultura e artístico de Galicia. Coñecer e practicar xogos tradicionais de Galicia.
	Xornada de xogos e actividades "Mundoaventura"	Febreiro-Marzo	Oleiros	1º e 2º	Pendente de confirmar	Vanesa	Aínda sen definir	Ofrecer ó alumnado a posibilidade de participar en actividades físicas de Carácter lúdico que permiten o desenvolvemento das súas capacidades físicas básicas e as súas calidades coordinativas.
	Actividade de Surf	Abril-Maio	Pendente por determinar (segundo presupostos) Oleiros ou Pantín	3º e 4º	Pendente de confirmar	Vanesa	Aínda sen definir	Ofrecer ó alumnado a posibilidade de realizar actividades físico-deportivas no entorno natural no medio acuático.

5.2 PROXECTO LECTOR DE CENTRO

5.2.1. Análise da situación da lectura e da escritura no centro

O IES de Carral está composto por un alumnado moi activo e participativo, cunhas habilidades comunicativas orais moi desenvolvidas, grazas en parte ás actividades de dinamización levadas a cabo no Instituto (concursos de debate, de coñecementos, clube de lectura, reforzos orais nas primeiras e segundas linguas estranxeiras...).

Porén, no tocante á escrita, detectamos un déficit a nivel de comprensión e posterior expresión. Neste senso o Plan Lector vén compensar as devanditas deficiencias, pois ten como principal obxectivo que os rapaces e as rapazas de Carral desenvolvan a súa competencia lectora, sendo eles mesmos os propios actores do proceso: escollen eles mesmos o tipo de lectura segundo os seus intereses e afeccións, e o profesorado guíaos na súa elección.

O Plan Lector é, desde xeito, un proxecto onde se recollen todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura, e das habilidades informativas co fin de que o alumnado, ao longo do curso, desenvolva as competencias básicas. Todo o profesorado do Centro colabora na súa posta en marcha, coordinados preferentemente pola persoa dinamizadora da biblioteca escolar, e a biblioteca será o recurso fundamental para o noso Plan Lector.

O alumnado de Secundaria ten a tendencia a ser máis reacio á lectura, provocado, posiblemente, pola convicción de que xa non necesita practicala, entendendo que é un recurso que xa domina perfectamente.

A práctica diaria demostra que a necesidade da lectura segue a ser fundamental e traballar a comprensión de textos non literarios é unha tarefa importante de cara a conseguir unha lectura eficaz.

5.2.2. Obxectivos, fundamentos e organización:

OBXECTIVOS

- Mellorar a comprensión e expresión lectora dos nosos alumnos.
- Fomentar o hábito da lectura cun tempo mínimo na práctica de todas as materias.
- Estimular o uso doutras fontes documentais en todo tipo de soportes.
- Fomentar unha actitude crítica ante a información.

- Apoiar a adquisición das competencias básicas.
- Fomentar unha actitude de pracer e de enriquecemento persoal a través da lectura.
- Promocionar o uso da Biblioteca escolar como fonte de recursos variados para a obtención de informacións variadas.
- Seleccionar textos adecuados aos gustos e intereses do grupo.
- Potenciar o uso das TIC na busca de información.

TEMPO

Hoxe en día é difícil que os adolescentes atopen, por si sós, espazos de silencio xa que se ven invadidos polas novas tecnoloxías, ás que dedican moito tempo. Por iso o claustro de profesores decidiu que os alumnos ían dedicar todas as semanas un tempo á lectura, unha sesión completa que vai rotando de hora, para que non coincida sempre nas mesmas materias. Nesa hora intentaremos facer: lecturas compartidas e lecturas teatralizadas voluntarias. Tamén intentaremos que se mostren interesados polos libros informativos: cine, fotografía, cociña...

PLAN LECTOR 2021/2022

	1ª HORA	2ª HORA	3ª HORA	RECREO	4ª HORA	5ª HORA	6ª HORA	7ª HORA	8ª HORA
	8:30	9:25	10:15	11:05	11:35	12:30	13:20	16:20	17:10
LUNS	27 SETEMBRO	4 OUTUBRO	18 OUTUBRO		25 OUTUBRO	8 NOVEMBRO	15 NOVEMBRO	22 NOVEMBRO	29 NOVEMBRO
MARTES	14 DECEMBRO	21 DECEMBRO	11 XANEIRO		18 XANEIRO	25 XANEIRO	1 FEBREIRO		
MÉRCORES	9 FEBREIRO	16 FEBREIRO	23 FEBREIRO		9 MARZO	16 MARZO	23 MARZO		
XOVES	31 MARZO	7 ABRIL	21 ABRIL		28 ABRIL	5 MAIO	12 MAIO		
VENRES	20 MAIO	27 MAIO	3 XUÑO		10 XUÑO	17 XUÑO			

ESPAZO

Este ano o IES de Carral non dispón da biblioteca “Pasando Páxina” nin de biblioteca de aula por mor da pandemia que estamos sufrindo. Debido a isto os profesores realizamos unha selección dos fondos permanentes e temporais da biblioteca “Pasando Páxina” poñéndoos a disposición do alumnado.

Estamos acondicionando unha aula con axuda dos alumnos que colaboran coa biblioteca que servirá para realizar as actividades de dinamización, como zona de relax onde se poidan ver as últimas novidades adquiridas pola biblioteca, como zona de reunión para os diferentes clubs...

María José Miranda será a encargada de realizar os empréstitos e as devolucións. Os alumn@s poden poñerse en contacto con ela de xeito presencial, a través da aula virtual ou de gmail.

EQUIPO DE BIBLIOTECA

Este ano o equipo de Biblioteca está formado polo seguintes profesores:

Dna M^a José Miranda = Coordinadora da Biblioteca, Departamento de Música

Dna María Rey = Coordinadora das Actividades Extraescolares, Departamento de Francés.

Dna María Caneda = Profesora de Pedagogía Terapéutica.


Dna Belén Amenedo = Departamento de Lingua Castelá.

Dna Concepción Fernández = Departamento de Inglés.

O equipo da Biblioteca encargarase de:

- Establecer criterios para seleccionar, actualizar e adquirir material novo, para o Plan Lector, en función das necesidades do centro e atendendo as propostas, peticións do profesorado e do alumnado e de outros sectores da comunidade educativa.
- Establecer criterios de préstamo e organización dos espazos e tempos para as distintas actividades que se levarán a cabo dentro do Plan Lector..
- Promover actuacións relativas ao fomento da lectura en colaboración cos distintos Departamentos.
- Atender aos usuarios da Biblioteca nas horas asignadas para esta función dentro do seu horario habitual.

BIBLIOTECAS EN CARRAL



Xunto co servizo de préstamos, as bibliotecas organizan anualmente campañas de animación á lectura, obradoiros, musicais, obradoiros de marionetas, obradoiros con material de refugallo...

Os fondos da biblioteca superan os 14.000 rexistros entre a biblioteca central e a biblioteca infantil.

A biblioteca central está tamén habilitada como espazo para o estudo.

5.2.3. Intervencións que cómpre sistematizar

Actuacións comúns en todas as áreas:

Utilizaremos diferentes estratexias: cada vez que os alumnos/as vaian realizar unha lectura dun libro, dun tema, dun artigo, dos enunciados das diferentes actividades do libro de texto etc, o profesor clarificará a intención da lectura así como a forma de enfrontala (en voz alta, silencio, colectiva...), procurando que nas primeiras sesións o profesor modelice o proceso guiando os pasos a seguir, sendo estes paulatinamente asumidos polo alumnado.

Seleccionaremos textos diversos adaptados ao seu nivel e relacionados con materia a tratar, que resulten útiles, atractivos e motivadores para o alumnado. Traballaremos textos continuos e discontinuos, tanto impresos como en formatos dixitais.

5.2.4. Actuacións nas diferentes áreas.

O Departamento de Lingua Castelá utilizará todo tipo de textos, literarios e non literarios, dedicará un tempo para a lectura, comprensión e expresión.

Ao comezo e ao final dunha nova unidade didáctica propoñerá unha lectura en grupo dun texto, que pode ser un fragmento dunha obra máis longa ou dun texto completo. Realizaranse predicións, actividades antes, durante e logo da lectura. Traballaranse con todas aquelas estratexias que poidan axudar á comprensión de textos.

En cada avaliación proporanse unha serie de lecturas, ofrecéndolles unha variedade de xéneros e subxéneros, obras clásicas e de literatura xuvenil, pretendendo con iso desenvolver os seus gustos lectores, o coñecemento doutras culturas, formas de vida...

Suxeriráselles a lectura dun libro por avaliación. Poderán estar suxeitas a variacións en función da dispoñibilidade, posibilidade de lograr a visita do seu autor /-a ou do nivel ou demanda de lectura observada nos alumnos.

Para promocionar a lírica, organizaranse, en colaboración coa Biblioteca, dentro das horas asignadas do plan anual, e por cursos, sesións de lecturas de poemas (serán os propios alumnos os que realizarán a lectura por quendas. Utilizaranse obras dos poetas tanto youtubers actuais, tan de moda, como clásicos consagrados Bécquer, Salinas...

Tamén lecturas de contos curtos, seleccionados por este Departamento, intentando achegarnos no posible ao seu nivel de desenvolvemento e gustos literarios, observados na aula.

O Departamento de Inglés realizará traballos de investigación e documentais sobre distintos temas transversais, que obriguen ao lector a extraer información despois da lectura de textos extensos en formato dixital ou papel. Nas sesións de aula realizarán lecturas en voz alta dos textos contidos nos libros do estudante, procedendo a continuación a realizar actividades de comprensión de diversa índole.

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector terase en conta non só canto len, senón tamén a capacidade dos nosos alumnos para avanzar na comprensión e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos. Tamén será valorada a súa actitude

diante da lectura como medio de aprendizaxe, fonte de pracer, e recurso para o seu desenvolvemento persoal.

O Departamento de Educación Física propón diferentes lecturas, artigos ou textos vinculados a biografías de deportistas, nutrición, superación persoal, actividade física e saúde...

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía propón a lectura en clase de artigos de divulgación científica ou novas relacionadas coa ciencia e a adquisición de libros de ciencias colaborando co equipo da biblioteca do centro co propósito de estimular ou consolidar a motivación por ler formando lectores autónomos e utilizando estratexias abertas e variadas que se adapten a distintas aptitudes lectoras e consideren a diversidade dos grupos.

Os obxectivos que se perseguen son:

- Potenciar o gusto pola lectura, as habilidades de lectoescritura e as capacidades reflexivas inherentes a unha lectura en valores desde a certeza que son a base da aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias de lectura reflexiva que favorezan as potencialidades do alumnado para realizar unha lectura en valores.
- Promover a reflexión e o diálogo arredor das lecturas entre o alumnado como medio para iniciar postas en común das propias motivacións, valores ou opinións.
- Entender a lectura como unha fonte de coñecemento, de enriquecemento lingüístico e desenvolvemento moral imprescindible na nosa sociedade.
- Suscitar a análise e a vivencia estética das manifestacións literarias.
- Fomentar o uso da biblioteca e da aula de informática utilizándoas como espazos privilexiados de aprendizaxe e goce.
- Activar bibliotecas de aula xestionadas polos alumnos coa intención de fortalecer vínculos de complicidade e diálogo a partir das súas experiencias lectoras.

O Departamento de Educación Plástica e Visual propón a lectura de libros relacionados cos conceptos cos que se traballa.

O Departamento de Física e Química contribúe ao fomento da lectura desenvolvendo as seguintes actividades: Procurando e seleccionando información de carácter científico empregando fontes diversas, entre elas, as tecnoloxías da información e da comunicación, e realizando comentarios de textos científicos. (lectura e comentario sobre textos publicados en revistas científicas que teñen relación coa unidade didáctica coa que se está a traballar).

Dentro do plan lector do centro para o curso 2021/2022 farase lectura individual dentro da aula de libros que xa temos no departamento e completarase a bibliografía con outros libros da biblioteca.

O Departamento de Francés fará a través da lectura e análise de textos extraídos de documentos auténticos de toda índole: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios... en soporte impreso ou electrónico.

O Departamento de Matemáticas realizará lectura comprensiva dos enunciados verbais dos problemas, actividades de lectura comprensiva de textos científicos e lectura crítica e análise da información que aportan as imaxes e noticias de prensa: gráficas de funcións, gráficos estatísticos, cantidades numéricas...

O Departamento de Música efectuará lecturas compartidas de libros que tratan a música directa ou indirectamente e que servirá de complemento e mellora da nota final da materia. Os alumnos poden consultalos previamente e despois elixir por trimestres, un deles completo, se é unha novela ou cómic, ou algúns capítulos, se son relatos breves. Ao finalizar o libro os alumnos farán un pequeno traballo, que será exposto na biblioteca do centro. Ademais, durante todo o ano a profesora traballará a comprensión lectora cunha serie de textos curtos.

O Departamento de Tecnoloxía propondrá actividades que promovan a capacidade de competencia lectora, como por exemplo ler en voz alta textos relacionados coa materia, artigos, noticias.

O Departamento de Relixión realizará diversas actividades educativas destinadas a que os nosos alumnos alcancen os obxectivos do proxecto lector; actividades relacionadas coa lectura, comprensión lectora, busca e tratamento da información, etc. Entre estas actividades podemos destacar: lecturas en voz alta, resumos, mapas conceptuais e esquemas, utilización de enciclopedias, dicionarios, periódicos, lecturas de distintos pasaxes da Biblia, biografías de personaxes clave no cristianismo, etc. Todo iso, a partir de lecturas axeitadas á súa idade, características e necesidades. Lecturas que, ademais, procuramos que lles resulten amenas e divertidas, á vez que educativas, xa que tratamos de introducilos no hábito da lectura.

O Departamento de Lingua Galega terá como obxectivos prioritarios a formación de lectores/as competentes e o fomento do hábito lector, utilizando como recursos fundamentais o traballo cunha ampla tipoloxía textual e a lectura de cando menos unha obra literaria completa cada avaliación.

O traballo sobre os diferentes tipos de textos ocupa un lugar esencial en cada unha das unidades didácticas que forman parte das programacións de aula dos catro cursos de ESO.

Nestas procuraremos seleccionar textos diversos que resulten útiles, atractivos e motivadores para o alumnado, sen esquecer a introdución progresiva da lectura dos autores e autoras que forman parte do corpus canónico da literatura galega.

A nosa proposta lectora trimestral pretende achegar aos alumnos/as a literatura galega e fomentar o gusto pola lectura

= A aula como lugar de encontro entre lectores e polo tanto como foro de opinión na que se realicen todo tipo de actividades arredor da lectura.

= A utilización das novas tecnoloxías para achegar os/as alumnos/as á literatura.

ITINERARIOS LECTORES

Lingua Galega

LIBROS DE LECTURA 1º DA ESO (A ELIXIR)

AUTOR/A	TÍTULO	EDITORIAL
MARCOS CALVEIRO	<i>Todos somos!</i>	Xerais
ANTÓN CORTIZAS	<i>Os gritos das illas Lobeiras</i>	SM
LEDICIA COSTAS	<i>Escarlatina, a cociñeira defunta</i>	Xerais
LEDICIA COSTAS	<i>Esmeraldina, a pequena defunta</i>	Xerais
ROALD DAHL	<i>Charlie e a fábrica de chocolate</i>	Xerais
XABIER P. DOCAMPO	<i>Cando petan na porta pola noite</i>	Xerais
A. FERNÁNDEZ PAZ	<i>Cartas de inverno</i>	Xerais
CÉSAR MALLORQUÍ	<i>As lágrimas de Shiva</i>	Rodeira
PACO MARTÍN	<i>Das cousas de Ramón Lamote</i>	Galaxia
ANDREA MACEIRAS	<i>Volverás, golfiño</i>	Xerais
MARÍA REIMÓNDEZ	<i>Corredora</i>	Xerais
ROBERT L. STEVENSON	<i>A illa do tesouro</i>	Xerais
JULES VERNE	<i>20.000 leguas baixo dos mares.</i>	Galaxia

LIBROS DE LECTURA 2º DA ESO (A ELIXIR)

AUTOR/A	TÍTULO	EDITORIAL
MARCOS CALVEIRO	<i>Todos somos!</i>	Xerais
FINA CASALDERREY	<i>Isha, nacida do corazón</i>	Rodeira
FRANCISCO CASTRO	<i>Chamádeme Simbad</i>	Galaxia
ANTÓN CORTIZAS	<i>Os gritos das illas Lobeiras</i>	Xerais
LEDICIA COSTAS	<i>Escarlatina, a cociñeira defunta</i>	Xerais
LEDICIA COSTAS	<i>Esmeraldina, a pequena defunta</i>	Xerais
ANDREA MACEIRAS	<i>O segredo do lagarto Arnal</i>	Baía
LEDICIA COSTAS	<i>Recinto gris</i>	Xerais
XABIER P. DOCAMPO	<i>Cando petan na porta pola noite</i>	Xerais
ANA Mª GALEGO GEN	<i>Bandeiras negras</i>	Baía
A. FERNÁNDEZ PAZ	<i>Cartas de inverno</i>	Xerais
A. FERNÁNDEZ PAZ	<i>Trece anos de Branca</i>	Rodeira
A. FERNÁNDEZ PAZ	<i>A neve interminable</i>	Xerais

PACO MARTÍN	<i>Das cousas de Ramón Lamote</i>	Galaxia
ANDREA MACEIRAS	<i>Volverás, golfiño</i>	Xerais
MARÍA REIMÓNDEZ	<i>Corredora</i>	Xerais
ROBERT L. STEVENSON	<i>A illa do tesouro</i>	Xerais

LIBROS DE LECTURA 3º DA ESO

AUTOR/AUTORA	TÍTULO	EDITORIAL
NATALIA CAROU	<i>O mal querer</i>	Consortio editorial
FRANCISCO CASTRO	O corazón da Branca de Neve	Galaxia
MARÍA REIMÓNDEZ	<i>Fóra do normal</i>	Xerais
A.CONAN DOYLE	<i>Sherlock Holmes, detective</i>	Xerais
EDGAR ALLAN POE	<i>Os crimes da rúa Morgue</i>	Eds. do Cumio
STEVE TASANE	<i>Eu son A</i>	Factoría K
MARÍA SOLAR	<i>Os nenos da variola</i>	Galaxia
NURIA TAMARIT	<i>Dúas moedas</i>	Retranca
MIGUELANXO PRADO	<i>O poder do letargo</i>	Retranca
ÁNXELA LOUREIRO	<i>Camiño perigoso</i>	Xerais
KAREN MCMANUS	<i>Un de nós mente</i>	Rinoceronte

LIBROS DE LECTURA 4º DA ESO (A ELIXIR)

AUTOR/A	TÍTULO	EDITORIAL
EDUARDO BLANCO AMOR	<i>Os biosbardos</i>	Galaxia
EDUARDO BLANCO AMOR	<i>A esmorga</i>	Galaxia
CARLOS CASARES	<i>Vento ferido</i>	Galaxia
CARLOS CASARES	<i>Ilustrísima</i>	Galaxia
CARLOS CASARES	<i>Os mortos daquel verán</i>	Galaxia
CASTELAO	<i>Cousas</i>	Galaxia
CASTELAO	<i>Retrincos</i>	Galaxia
CASTELAO	<i>Os dous de sempre</i>	Galaxia
ÁLVARO CUNQUEIRO	<i>Merlín e familia</i>	Galaxia
RAFAEL DIESTE	<i>Dos arquivos do trasno</i>	Galaxia
MANUEL RIVAS	<i>O lapis do carpinteiro</i>	Xerais
XOSÉ NEIRA VILAS	<i>Memorias dun neno labrego</i>	Galaxia
NATALIA CAROU	<i>A cova da moura</i>	Baía
CONCHI REGUEIRO	<i>A herdanza do merqués</i>	Baía
MARÍA SOLAR	<i>Os nenos da variola</i>	Galaxia

Física e Química

- ❖ Colección “ Me llamo...” Edit. Paramón
- ❖ Ramón Núñez Centella, “Esta es mi gente” . Inventos y anécdotas de 46 mentes prodigiosas.
- ❖ Manuel Lozano Leyna, “De Arquímedes a Einstein”. Los diez experimentos mas bellos de la física.
- ❖ “ Eureka y Euforias”. Como entender la ciencia a través de sus anécdotas.
- ❖ Mario Livio, “La proporción áurea” Edit Ariel
- ❖ Stephen Hawking, “El universo en una cáscara de nuez” Edit Planeta.
- ❖ Stephen Hawking, ”Brevísima historia del tiempo”.
- ❖ Y. Perelman, “Física recreativa”
- ❖ David Blanco Laserna, “La plaga invisible” Edit Anaya
- ❖ David Blanco Laserna “Juliette y los Cien mil fantasmas” Edit Anaya
- ❖ Madeleine George, “Apariencias” Edit Editex
- ❖ Luca Novelli, “Colección vidas geniales de la ciencia” .

Inglés

3o ESO

- ❖ Sir Arthur Conan Doyle, “A Sherlock Holmes Collection” (Burlington Books)

Lingua Castellá

1º ESO

- = Nata y chocolate, Alicia Borrás
- = Nata y chocolate invencibles, Alicia Borrás
- = El niño con el pijama de rayas, John Boyne
- = Charlie y la fábrica de chocolate, Roald Dahl
- = El sabueso de los Baskerville, Arthur Conan Doyle
- = La historia interminable, Michael Ende
- = Finis mundi, Laura Gallego

- = El señor de las moscas, William Golding
- = Un saco de canicas, Joseph Joffo
- = Manolito Gafotas, Elvira Lindo
- = El Príncipe de la Niebla, Carlos Ruiz Zafón
- = El principito, Antoine de Saint-Exupéry
- = El pequeño Nicolás, Sempé y Goscinny
- = La isla del tesoro, Robert Louis Stevenson
- = Las aventuras de Tom Sawyer, Mark Twain
- = Mi planta de naranja lima, José Mauro de Vasconcelos

Para 2º de ESO

- = El sueño de Berlín Mentira, de Care Santos
- = La trilogía de CARE SANTOS en la editorial Edebe (su lectura es en el orden que aparecen)
Mentira Verdad Miedo

3º ESO

- = *Nueve liras de hiedra y un secreto. Antología poética.* Adaptación de Emilia Navarro Ramírez y de Alfredo Reina León, editorial Bambú. (guía de lectura al final del libro y también en el de texto)
- = MIGUEL DE CERVANTES *Entremeses.* Adaptación de Emilia Navarro Ramírez, ed. Bambú. (guía de lectura al final del libro y también en el de texto)
- = DON JUAN MANUEL, *El conde Lucanor.* Adaptación de Emilia Navarro Ramírez, editorial Bambú, (guía de lectura al final del libro y también en el de texto)
- = LOPE DE VEGA, *Fuenteovejuna.* (texto adaptado por Elena O'Callaghan), ed. SM
- = AGATHA CHRISTIE, *La ratonera*, col. Aula de Literatura, ed. Vicens Vives.
- = ISABEL ALLENDE, *La ciudad de las bestias*, editorial Debolsillo
- = MANUEL DE PEDROLO, *Mecanoscrito del segundo origen*, ed. Anaya (ciencia ficción).
- = ANA ALCOLEA, *El secreto del espejo*, ed. Anaya.
- = NURIA PRADAS, *El misterio de la calle de las Glicinas*, ed. Bambú.
- = JORGE GAMERO, *Tokio en el corazón*, ed. Santillana, (col. Loqueleo)
- = PETER WOHLLEBEN, *La vida secreta de los árboles*, ediciones Obelisco
- = *Los mejores relatos de Roald Dahl*, ed. Alfaguara Juvenil.

4ºESO:

- = GUSTAVO ADOLFO BECQUER, *Leyendas*
- = JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, *Estampas de Platero y yo*, ed. Vicens Vives
- = EDUARDO MENDOZA, *El misterio de la cripta embrujada*, ed. Seix Barral.
- = ALEJANDRO CASONA, *La dama del alba*.
- = ISABEL ALLENDE, *Cuentos de Eva Luna*
- = ISABEL ALLENDE, *La ciudad de las bestias*
- = FEDERICO GARCÍA LORCA, *La casa de Bernarda Alba*.
- = Antología: *Los mejores relatos españoles del siglo XX*, ed. Alfaguara Juvenil
- = *Antología del cuento literario* (selección y edición de Miguel Díez Rodríguez), ed. Alhambra
- = OVIDIO, *Metamorfosis* (adaptación de Agustín Sánchez Aguilar); ed. Vicens Vives.
- = JAMES RIORDAN, *Los doce trabajos de Hércules*; ed. Vicens Vives.
- = ROSEMARY SUTCLIFF, *Las aventuras de Ulises. La historia de la Odisea*; ed. Vicens Vives
- = *Los mejores relatos de Roald Dahl*, ed. Alfaguara Juvenil
- = EDGAR ALAN POE, *Cuentos 1*; ed. Alianza Editorial (traducción de Julio Cortázar) .
- = HORACIO QUIROGA, *Anaconda y otros cuentos de la selva*; ed. Vicens Vives
- = CARLOS RUIZ ZAFÓN, *Marina*
- = KATHY CLARK, *La casa del Ángel de la Guarda. Un refugio para niñas judías*, ed. Bambú.
- = VANESSA DIFFERNBAUGH, *El lenguaje de las flores*, ed. Salamandra.
- = MARCUS SEDGWICK, *No es invisible*, ed. Bambú.
- = DAVID ORANGE, *La chica del semáforo y el hombre del coche*, ed. Planeta
- = MANUEL DE PEDROLO, *Mecanoscrito del segundo origen*, ed. Anaya (ciencia ficción).
- = JOSÉ MARÍA LATORRE, *La maldición de la banshee*, ed. Alfaguara (relato de terror)

LATÍN

- = OVIDIO, *Metamorfosis* (adaptación de Agustín Sánchez Aguilar); ed. Vicens Vives.
- = ROSEMARY SUTCLIFF, *Las aventuras de Ulises. La historia de la Odisea*; ed. Vicens Vives.
- = JAMES RIORDAN, *Los doce trabajos de Hércules*; ed. Vicens Vives
- PENELOPE LIVELY, *En busca de una patria. La historia de la Eneida*, ed. Vicens Vives.
- JAMES RIORDAN, *Jasón y los argonautas*, ed. Vicens Vives (col. Clásicos adaptados)

Música

Lectura opcional. A elegir entre: 2o ESO

- ❖ Ete Utu; Agnes Agroton.
- ❖ Lendo lendas digo versos; Antonio Garcia Teijeiro, Antonio Reigosa.
- ❖ Lendas galegas de tradicion oral; X.M Gonzalez Reboredo.
- ❖ Jordi Serra I Fabra, El joven Jhon Lennon.
- ❖ Álvarez, Blanca; Sonata de amor .
- ❖ Álvarez, Blanca; Capricho 21.
- ❖ Álvarez, Blanca; La partitura rota.
- ❖ Álvarez, Blanca; Silencio de Flauta.
- ❖ Andrés Belenguer, Sara; El violín negro.
- ❖ Anglada, Mari Ángeles; El violín de Auschwitz.
- ❖ Sierra I Fabra, Jordi; Asesinato al profesor de Musica
- ❖ Sierra I Fabra, Jordi; Nunca seremos estrellas de rock.
- ❖ Sierra I Fabra, Jordi; Sonidos del corazon.
- ❖ Desclot, Miquel; La flauta Mágica
- ❖ Gallego, Laura; Finis Mundi.
- ❖ Sierra I Fabra, Jordi; Banda sonora.
- ❖ Martin, Andreu; El blues del detective inmortal
- ❖ Sierra I Fabra, Jordi; El disco diabolico
- ❖ Abbado, Claudio; Yo sere director de orquesta.
- ❖ Santos, Care; La muerte de Kurk Cobain.
- ❖ E.T.A. Hoffmann: Cuentos de musica y musicos (Akal, 2002).
- ❖ Leonard Bernstein. El maestro invita a un concierto
- ❖ Barenboim, Daniel; Mi vida en la Musica.
- ❖ Barenboim, Daniel; El sonido es vida: el poder de la Musica.
- ❖ Becquer; Leyendas

Economía e Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial

- ❖ Stephen C. Lundin, Ph. D. Harry Paul e John Christensen: FISH!. Editorial Empresa Activa.

- ❖ Sencer Johnson, M. D. : ¿QUIEN SE HA LLEVADO MI QUESO?. Editorial Empresa Activa.
- ❖ Rovira Celma, A. e Trias De Bes, F.: LA BUENA SUERTE. Editorial Empresa Activa.

Relixión

- ❖ Torres Queiruga, A.; Palabras clave en religion
- ❖ Tamayo, J; 10 palabras clave sobre Jesus de Nazaret.
- ❖ AA.VV; 10 palabras clave sobre la Iglesia.
- ❖ Floristán, Casiano; 10 palabras clave sobre los simbolos cristianos.
- ❖ AA.VV; 50 Cartas a Dios.
- ❖ Atlas histórico de la Biblia-
- ❖ Karen Farrinton; Atlas histórico de las religiones.
- ❖ Colección Piruletas de Filosofía.
- ❖ Anthony de Mello; El canto del pájaro.
- ❖ El diario de Ana Frank.
- ❖ Cortés, J.L; El Señor de los amigos. (comic).
- ❖ Isasa, Juan; Historia de la Iglesia.
- ❖ Guerra, Manuel; Historia de las religiones.
- ❖ AA.VV; Introducción a la bioética.
- ❖ Joseph Ratzinger; Jesús de Nazaret.
- ❖ La Biblia didáctica.
- ❖ Floristán Casiano; La semana Santa.
- ❖ Isasa, Juan; Myriam de Nazaret

Francés

- 1ª Lingua

1º ESO

Adaptación de La momie du Louvre. Pièce de théâtre. Ed Chat noir.

2º ESO

Au voleur! Ed. Oxford

3º ESO

Une voix venue d'ailleurs. Ed.Oxford.

Le guide du mauvais père. Éditions Delcourt.

Culottées. Ed Gallimard.

4° ESO

Vacances à Montréal. Ed. Oxford

2ª Lingua

1°ESO

Adaptation de L'effet tour Eiffel. Pièce de théâtre. Ed SM

Adaptation de Voyage en chapeaux. Pièce de théâtre. Ed SM

2° ESO

Adaptation de La chaise . Pièce de théâtre. Ed SM

3° ESO

Une voix venue d'ailleurs. Ed. Oxford

4°ESO

Vacances à Montréal. Ed. Oxford

A Xefa do Departamento de AAEE

María Rey Criado

A Coordinadora de Biblioteca

MªJ. Miranda Pando

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (CURSO 2021- 2022)



6.1. Introducción

Durante o curso 2020/21 dende o EDLG tentamos voltar á normalidade en canto a programación e realización das actividades de dinamización da nosa lingua que estiveron suspendidas por mor da COVID-19 dende marzo do 2019 coordinándonos cos diferentes Departamentos, Bibliotecas, Concello de Carral, etc.

O curso pasado propuxerámonos 3 obxectivos primordiais:

- Conseguirmos implicar o alumnado e o profesorado nas diferentes actividades, pois nalgunhas delas non chegamos á comunidade educativa.
- Difundirmos mellor as actividades que realizamos.
- Colaborarmos e implicar a outras asociacións do concello: comercios, equipos, asociacións culturais, etc.

Coidamos que algúns deles os acadamos, cando menos parcialmente.

Canto ao primeiro, seguimos a comprobar que o alumnado e profesorado que participa nas actividades do EDLG é aquel que está máis directamente motivado ou ben que está implicado na actividade (Departamentos de Ciencias cando facemos a Semana da Ciencia en Galego, por exemplo), mais coidamos que segue a ser un aspecto no que temos moita marxe de mellora e este curso seguiremos insistindo traballando para aumentar a implicación de toda a comunidade educativa.

Na difusión das actividades, seguimos a traballar co Site de Google para difundir as actividades da campaña “21 días en galego e +” e outras de hai moito tempo de xente que pasou polo centro, nun apartado denominado “Parece que foi onte”. A nosa intención é chegarmos á comunidade educativa de Carral e tamén a todo o Concello. Pódense ver na ligazón do Site:

<https://sites.google.com/view/carralengalego/inicio?authuser=0m>

É evidente que a COVID 19 marcará tamén este curso 2021/22 pero en menor medida que o fixo o curso pasado. Algunhas actividades pensadas terán que adaptarse aos protocolos COVID vixentes en cada momento, porén a nosa intención é seguir a colaborar con todos os Departamentos e programas do centro: Programa Educando en Valores, Equipo de Biblioteca, Clubs de Lectura, Cafetería... E tamén de fóra do centro, Concello de Carral, CEIP Vicente Otero...

Este ano voltaremos a ser un dos participantes nos “21 días co galego e +”; mais de maneira extraoficial e colaborando co concello de Carral; trátase dun compromiso esixente no que centraremos os nosos esforzos para que se desenvolva de maneira exitosa.

6.1.2. Breve estudo sociolingüístico actualizado.

Este ano actualizaremos os datos sobre o uso do galego no centro, principalmente no primeiro curso da ESO onde o alumnado é novo. Os datos foron actualizados o curso pasado e están expostos no Proxecto Lingüístico do Centro que se pode consultar na nosa web: [PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO | IES de Carral \(xunta.gal\)](#)

6.1.3. A lingua utilizada nas materias

Dende o equipo directivo remitiuse un correo a todo o profesorado do centro informando da lingua en que se acordou que se deben impartir as diferentes materias.

MATERIAS 1º DA ESO

CASTELÁN	H.	GALEGO	H.	INGLÉS/FRANCÉS	H.
				S	
LENGUA CASTELLANA	4	LINGUA GALEGA	4	PRIMEIRA LE	3
MATEMÁTICAS	5	XEOGRAFÍA	3	SEGUNDA LE	2
PLÁSTICA	2	BIOLOXÍA	4		
LIBRE CONFIGURACIÓN	1	E. FÍSICA	2		
		RELI/ÉTICA	1		

(+ 2 H. EN GALEGO, PORQUE SON IMPARES)

MATERIAS 2º DA ESO

CASTELÁN	H.	GALEGO	H.	INGLÉS/FRANCÉS	H.
				S	
LENGUA CASTELLANA	3	LINGUA GALEGA	3	PRIMEIRA LE	3
MATEMÁTICAS	5	XEOGRAFÍA	3	SEGUNDA LE	2
FÍSICA QUÍMICA	3	E. FÍSICA	2		
TECNOLOXÍA	3	RELI/ÉTICA	1		
		MÚSICA	2		
		LIBRE CONFIGURACIÓN	1		

(+2 H. EN CASTELÁN) NESTE CURSO A MATERIA DE MÚSICA SERÍA DE OBRIGADA IMPARTICIÓN EN GALEGO, PORQUE AS QUE ESTÁN EN CASTELÁN OBRIGA O DECRETO A DALAS NESA LINGUA.

MATERIAS 3º DA ESO

CASTELÁN	H.	GALEGO	H.	INGLÉS/FRANCÉS	H.
LENGUA CASTELLANA	3	LINGUA GALEGA	3	PRIMEIRA LE	3
MATEMÁTICAS	4	XEOGRAFÍA	3	SEGUNDA LE	2
FÍSICA QUÍMICA	2	E. FÍSICA	2		
TECNOLOXÍA	2	RELI/ÉTICA	1		
PLÁSTICA	2	CULTURA CLÁSICA	2		
MÚSICA	2	BIOLOXÍA	2		

(+ 2 H. EN CASTELÁN EN XERAL; SE UN ALUMNO ESCOLLE 2ª LE DE OPTATIVA TEN 3 HORAS MENOS EN GALEGO)

MATERIAS 4º DA ESO ACADÉMICAS

CASTELÁN	H.	GALEGO	H.	INGLÉS/FRANCÉS	H.
LENGUA CASTELLANA	3	LINGUA GALEGA	3	PRIMEIRA LE	3
MATEMÁTICAS	4	XEOGRAFÍA	3	SEGUNDA LE	3
FÍSICA QUÍMICA	3	E. FÍSICA	2		
PLÁSTICA	3	RELIXIÓN /ÉTICA	1		
MÚSICA	3	TICS	3		
LATÍN	3	BIOLOXÍA	3		
		ECONOMÍA	3		

MATERIAS 4º DA ESO APLICADAS

CASTELÁN	H.	GALEGO	H.	INGLÉS/FRANCÉS	H.
LENGUA CASTELLANA	3	LINGUA GALEGA	3	PRIMEIRA LE	3
MATEMÁTICAS	4	XEOGRAFÍA	3	SEGUNDA LE	3
TECNOLOXÍA	3	E. FÍSICA	2		
PLÁSTICA	3	RELIXIÓN /ÉTICA	1		
MÚSICA	3	TICS	3		
		IAE	3		
		CCAAP	3		

EN 4º DA ESO O NÚMERO DE HORAS EN GALEGO E/OU CASTELÁN DEPENDERÁ DAS MATERIAS QUE ESCOLLAN. O REPARTO ESTÁ PENSADO DE XEITO QUE UNHA DAS TRONCAIS ESTEA SEMPRE EN GALEGO E OUTRA EN CASTELÁN

Na distribución da lingua das materias atopamos diversas dificultades nas optativas en lingua galega en 3º e 4º. Como se deixa a criterio dos centros decidir que materias se imparten en galego, as editoriais non elaboran material didáctico en galego en moitas delas e o profesorado que quere empregar libro de texto non o atopa porque non existe.

6.2 Obxectivos

Este curso destacaremos fundamentalmente aqueles obxectivos que coidamos necesario mellorar, fronte a aqueles que coidamos que están consolidados desde os anteriores cursos.

- Conseguirmos implicar o alumnado e o profesorado nas diferentes actividades, pois nalgunhas delas non chegamos á comunidade educativa.
- Difundir mellor as actividades que realizamos.
- Mellorar a nosa difusión online mediante as ferramentas que ten o centro: páxina web, aula virtual, dominio propio de Google.

A seguir, indicaremos máis polo miúdo.

6.2.1. Obxectivos en relación co contorno sociolingüístico do centro.

2.1.1. Promoveremos a interacción entre a escola e o seu contorno para facer máis rendibles os recursos e os esforzos deses dous ámbitos a prol da normalización do galego: relacións co Concello, asociacións veciñais e culturais, comercios, etc.

2.1.2. Faceremos promoción e darlle visibilidade ás actividades do EDLG a través das redes sociais, da web do centro, etc de maneira que cheguen ao maior número de persoas e provocar unha participación activa da cidadanía de Carral.

6.2.2. Obxectivos en relación co profesorado.

2.2.1. Responsabilizar o profesorado no proceso de dignificación da lingua, como modelo lingüístico diario de referencia do alumnado.

2.2.3. Forneceremos ao profesorado e informaremos de canto material relacionado coas TICS apareza en galego, facilitando o mesmo ou os enderezos web onde se poden buscar (moito máis trascendente co uso da AV).

2.2.3. Axudar ao profesorado na procura de material audiovisual e relacionado coas novas tecnoloxías en galego, de maneira que o seu descoñecemento non impida o seu uso (moito máis trascendente co uso da AV).

6.2.3. Obxectivos en relación co alumnado.

2.3.1. Favorecer o emprego do galego por parte de aquel alumnado que manifesta utilizalo na familia e fóra do centro.

2.3.2. Promover actividades que potencien a oralidade en lingua galega (lembremos que é a habilidade lingüística que din que lles custa máis).

2.3.3. Crearemos unha fonoteca e videoteca do centro, fornecéndoa de material en galego, que se lle poida prestar ao alumnado e que o profesorado poida utilizar nas aulas.

2.3.4. Realizarmos actividades relacionadas con materias que non se imparten en galego (agás as de linguas) para fomentar o coñecemento de léxico científico, tecnolóxico... en galego.

6.2.4. Obxectivos en relación coa situación lingüística do centro.

2.4.1. Publicitar entre o alumnado, profesorado, familias e persoal non docente os obxectivos lingüísticos establecidos en todos os documentos do centro.

2.4.2. Presentar actitudes e accións xerais favorables ao desenvolvemento e ao progreso educativo do ensino en galego, que fagan da galeguización un sinal de identidade e calidade educativa do centro.

6.3. Descrición das actividades de dinamización lingüística.

Imos situar as actividades co obxectivo que máis lles acaia, tendo en conta que a maior parte das actividades favorecen máis de un obxectivo.

.6.3.1. Actividades encamiñadas a conseguir os obxectivos establecidos a ver co contorno sociolingüístico do centro.

Actividade 1:

Título: Biblioteca de teatro en galego

Descrición: co orzamento facilitado polo centro e en colaboración co Equipo de Biblioteca procuraremos aumentar considerablemente os libros de teatro que hai na nosa Biblioteca.

Actividade 2

Título: Sempre en galego, en galego de sempre

Nesta actividade queremos englobar toda unha serie de actos e feitos que realizamos ao longo do curso e que pretenden facer visibles as nosas tradicións ou problemáticas de carácter social.

- O Samaín: Concurso de decoración de máscaras e de contos de medo.
- A Candeloria: concurso de lemas amorosos para camisetas...
- 25 N, día contra a violencia de xénero: concurso de curtas "dígocho eu".

Actividade 3

Título: 176 aniversario dos Mártires de Carral

Descrición: dependendo da situación epidemolóxica e da predisposición a colaborar do IES de Cacheiras tentarase realizar o habitual intercambio. En calquera caso realizarase algunha actividade online ou divulgaranse audiovisualmente aqueles intercambios realizados en anos previos.

Actividade 4

Título: Das nosas letras...

Descrición: debido á desigualdade coa que parte o noso idioma en relación ao castelán para chegar ao noso alumnado na lectura e na escrita (ausencia de cómics case total, de promoción nas librarías a non ser en datas concretas...) deseñaranse actividades para promover a lectura en galego. Trátase de promover planos de lectura seguindo técnicas de animación, aproveitando o auxe da literatura infantil e xuvenil en galego. Este ano as actividades serán por curso e en cada aula: realización e proxección de videos promocionais da lectura, recitais poéticos e lecturas dramatizadas, apartados dedicados a unha temática determinada (medo, aventuras,). Non sempre se poden prever todas con antelación; aquí tamén aproveitamos convites de

outras institucións ou posibilidades que se nos presentan de asistir a obras de teatro, por exemplo. Estas son algunhas das que realizaremos este curso.

- Asistencia a representacións teatrais, contacontos... (se o permite a situación)
- Celebración do Día de Rosalía (24 de febreiro)
- Semana das Letras Galegas.
- Realización de lecturas colectivas.

6.3.2. Actividades encamiñadas á consecución dos obxectivos en relación co profesorado.

Actividade 5

Título: Contamos con todo

Descrición: Facer unha análise das necesidades existentes entre o colectivo do profesorado para desenvolver o seu traballo en galego.

Actividade 6

Título: Participamos en galego

Descrición: o EDLG, seguindo as directrices do decreto en relación coa lingua galega, coidará e propondrá aos Departamentos que organicen actividades extraescolares e complementarias que utilicen a nosa lingua e que propoñan que a participación nas mesmas se faga tamén, oralmente e por escrito, en galego. Evidentemente, a non ser que a actividade sexa organizada en relación con outra lingua (castelán, inglés e/ou francés).

6.3.3. Actividades a realizar para a consecución dos obxectivos en relación co alumnado.

Neste apartado a maioría das actividades contribúen a acadar varios dos obxectivos en relación co alumnado, polo que optamos a non clasificalas por obxectivos, agás a que se comenta en primeiro lugar, que é máis específica.

Actividade 7

Título: Club de lectura “A Pedra Rosetta”

Descrición: en colaboración co Equipo de biblioteca continuamos co club de lectura, para o alumnado de 2º e 3º de ESO: un o luns ao mediodía ao mes . A intención é divulgar e fomentar a lectura.

Actividade 8

Título: Club de lingua “Carralingua”

Descrición: levarase a cabo un luns ao mes para alumnado de 4º de ESO coa finalidade de promover a oralidade en galego

Actividade 9

Título: Mes da Ciencia en Galego

Descrición: en colaboración cos Departamentos e profesorado que o desexen, realizaremos actividades no mes de novembro relacionadas co ámbito científico.

Actividade 10

Título: 21 Días co galego e +

Descrición: somos un dos centros participantes nesta actividade, aínda que este curso non no programa oficial, senón organizada por nós en colaboración co Concello de Carral.

Dinamizará o centro durante todo o curso. Se ben os meses máis relevantes serán febreiro e marzo.

Traballos realizados polos cativos durante o curso.

6.3.4. Actividades a realizar para a consecución dos obxectivos en relación coa situación lingüística do centro.

Actividade 11

Título: Cuestionarios para coñecer a realidade sociolingüística do centro

Descrición: realizaranse uns inquéritos a cubrir cando menos polos novos membros da comunidade educativa. Realizaranse a partir das aplicacións do Google Drive.. O programa xa nos proporciona os gráficos e as porcentaxes das respostas.

Actividade 12

Título: en galego, por principios

Descrición: Establecer o galego como lingua de contacto inicial, cando menos, entre o persoal do centro e calquera outro membro da comunidade educativa ou da sociedade en xeral.

Faremos varias campañas informativas e publicitarias.

Actividade 13

Título: Concurso, “En galego todos os días”

Descrición: concurso para elaborar un calendario de peto con unha imaxe que anime ao uso da nosa lingua.

Actividade 14

Título: Auditoría lingüística

Descrición: facermos unha auditoría de todos os usos lingüísticos que fai o propio centro e a comunidade educativa, para comprobarmos o nivel de galeguización: blogs de aulas, departamentos, ciclos, aula virtual, taboleiros... Servirá para comprobarmos en que niveis temos un maior uso do galego e en cales se pode potenciar.

**6.4. MEMBROS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
(IES DE CARRAL)**

Profesorado

Leticia Castro Calviño (Profesora de Xeografía e Historia)

Sara Pérez Carrera (Profesora de Matemáticas)

María Regueiro Gende (Coordinadora e profesora de Física e Química)

Samuel Rodríguez López (Profesor de Lingua Galega)

Alumnado

- Andrea Barreiro Candal (2º ESO)
- Oliva Lado Bermúdez (2º ESO)
- Gabriel Míguez García (4º ESO)

Administración e servizos

- Marta Penín Álvarez

A coordinadora do EDLG


Asdo: María Regueiro Gende.

DOCUMENTO 7: Proxecto de formación do profesorado

Todo o profesorado é consciente de que a formación continuada é un medio imprescindible para estar actualizado no ensino telemático do alumnado.

Para o presente curso, temos solicitado un PFFP no CFR da Coruña, coa seguinte liña de traballo: • Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.

A partir de aquí temos un Grupo de Traballo e un Seminario.

O Grupo de Traballo está coordinado pola profesora M^a Luz Gómez Avilés e ten outros 3 integrantes: María Caneda Iglesias, Anxo Gómez Sánchez e Carlos Rodríguez Amoedo. O seu labor será a redacción do Plan Dixital de Centro.

O Seminario está coordinado polo profesor Eladio Montero Fernández e traballará tamén na liña de Integración didáctica das TIC. Ademais do coordinador, no Seminario participarán 21 profesores e profesoras do centro. Principalmente, profundizará na aprendizaxe e uso das Aulas Virtuais, a transmisión das clases por streaming, as ferramentas institucionais para a comunicación co alumnado e as familias, etc.

A profesora coordinadora da Formación en Centros do profesorado durante o curso 2021/2022 no IES de Carral será María Luz Gómez Avilés, do Departamento de Lingua Castelá e Literatura.

A coordinadora de Formación en Centros

Asdo: M^a Luz Gómez Avilés

A handwritten signature in blue ink, reading "M.ª Luz Gómez Avilés", with a horizontal line underneath.

